



Concello de O Incio

Resolución da Alcaldía – Presidencia

Expediente núm: 277/2017

Procedemento: SELECCIÓN DE PERSOAL DE CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS PARA A CONTRATACION TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACION OU RISCO DE EXCLUSION SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA) COA FIN DE PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE O INCIO

DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

DONA LAURA CELEIRO GARCÍA // En O Incio, na data da sinatura.

Visto a necesidade de nomear ás persoas que formarán parte da comisión mixta de selección de dous traballadores coa fin de prestar servizos no Concello de O Incio de acordo co expediente TR351F 2017/37-2 de concesión de subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.

En cumprimento do estipulado no artigo 12.c) da Orde do 9 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2017 e de conformidade coas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal de carácter temporal (Programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA) coa fin de prestar servizos no Concello de O Incio aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 26/09/2017.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da comisión mixta para a selección dos referidos traballadores que se reunirán o vindeiro día 24 de outubro ás 11:00 horas na Casa Consistorial do Concello de O Incio, ás seguintes persoas:

- **Presidente:** D^a M^a Jesús Veigas López. Traballadora Social do Concello de O Incio. **Suplente:** D^a Purificación Freán Caldas, Administrativa do Concello de O Incio.
- **Secretario:** D^a Ana Belén Castro Gil. Administrativa do Concello de O Incio. **Suplente:** D. Héctor Manuel Corujo González, Administrativo do Concello de O Incio.
- **Vogal:** D. Venancio López Iglesias. Director da Oficina de Emprego de Sarria. **Suplente:** D. José Ferreiro Candal. T.S. de Orientación Laboral da Oficina de Emprego de Sarria. En representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- **Vogal:** D^a M^a Dolores Lugilde Vélez. Técnica Media do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Monforte de Lemos. **Suplente:** D^a María Arias Arias. Técnica Media do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Monforte de Lemos. En representación do Equipo de Inclusión Sociolaboral dependente do Consorcio

Concello de O Incio



Concello de O Incio

Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

- Vogal: D. José Amador Rodríguez López. Persoal Laboral Fixo – Servizo de Obras do Concello de O Incio. Suplente: D. Pedro Castro Díaz. Persoal Laboral Fixo – Servizo de Obras do Concello de O Incio.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web <http://www.concellooincio.es>.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno coa fin de que quede enterado do seu contido.

Mándao e asíno a Sr. Alcaldesa – Presidenta, en O Incio; do que, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)